

FAQ Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

FAQ. Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

Que é COOP57?

COOP57 é unha cooperativa de servizos financeiros creada en 1995 por persoas ex traballadoras da editorial Bruguera, coas indemnizacións cobradas despois de gañar o xuízo por despedimento. Finánciase coas achegas de capital social das súas socias (socias colaboradoras) e os xuros aplicados aos préstamos que concede ás distintas entidades da economía social e solidaria (socias de servizos), sen ningún tipo de comisión engadida.

O obxectivo principal de Coop57 é a transformación social positiva da nosa economía e da nosa sociedade. Coop57 enténdese como unha ferramenta ao servizo dos seus socios e ao servizo desta transformación social. Coop57, por si soa, non poderá transformar a sociedade. Tampouco o diñeiro por si só poderá transformar a sociedade. Serán as entidades, grupos, colectivos e persoas que traballen por esta transformación social as que poderán influír para cambiar a realidade e mellorar a situación de toda a sociedade traballando pola creación de emprego estable e de calidade, promovendo proxectos que perseguen a sostibilidade e a soberanía alimentaria e enerxética, traballando por todas as formas de inclusión e fortalecendo tanto os espazos culturais como os de socialización, entre outros.

Busca promover fórmulas de desenvolvemento económico e colectivo que axuden a transformar a sociedade positivamente.

Busca converter os aforros recadados en crédito transformador para axudar, desde un punto de vista financeiro, a aqueles proxectos que achegan valor engadido á nosa sociedade a seguir desenvolvendo o seu traballo.

Os proxectos que reciben o apoio de COOP57 deben satisfacer, como mínimo, as seguintes condicións:

- Ter unha finalidade, en sentido amplo, de interese social
- Estar enraizados no territorio
- Colaborar na construción dunha sociedade máis solidaria.
- Funcionar con criterios de autonomía e xestión democrática.
- Crear postos de traballo estábeis e de calidade.
- Reinvestimento ou reparto dos excedentes en función da participación na actividade da entidade.
- Dispoñer dun proxecto economicamente viábel.
- Demostrar solvencia para devolver o préstamo solicitado.

Podedes ampliar a información sobre COOP57 en www.coop57.coop/gl

Por que escollemos COOP57 para financiarnos?

En primeiro lugar, EspazoCoop é socia de servizos e socia promotora de COOP57 GALICIA (a sección territorial de Coop57). Facemos parte de Coop57, participamos e procuramos apoios para outros proxectos, poñemos en práctica a axuda mutua. En definitiva, na nosa oferta de servizos como Unión facilitamos información sobre este instrumento

FAQ Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

financeiro para que as cooperativas e as entidades da economía social e solidaria podan facer fronte ás súas necesidades de financiamento, e facilitamos a interlocución entre as partes.

En segundo lugar, encaixa, por principios e modelo de traballo, cos proxectos apoiados por COOP57, e cremos por tanto que é a ferramenta ideal para financiarnos, diversificando así as nosas necesidades de financiamento e non dependendo de forma exclusiva do financiamento bancario convencional, aínda que este proveña de forma preferente de cooperativas de crédito.

En terceiro lugar, a política de préstamos de COOP57 está baseada, entre outros criterios, no coñecemento, na confianza mutua e na compatibilidade entre criterios sociais e económicos, cunha análise de viabilidade en cada proxecto, tanto no proceso de aprobación como de seguimento de cada préstamo en vigor, de forma que poidan garantir a consolidación da entidade beneficiaria do mesmo e tamén a de COOP57 como entidade financeira. Existe, xa que logo, un interese compartido en que cada organización poida levar a bo porto os seus obxectivos. Isto reflíctese nunha porcentaxe de préstamos falidos sobre o saldo vivo de préstamos en vigor da cooperativa, moi por debaixo ao da banca convencional.

Que condicións establece COOP57 para a devolución do préstamo?

O préstamo solicitado a COOP57 por EspazoCoop (póliza de crédito), contempla un prazo de amortización de 12 meses, sen outros gastos nin comisións engadidas.

OS AVAIS MANCOMUNADOS

En que consiste un aval mancomunado?

Para conceder un empréstito, Coop57 require certas garantías da entidade que solicita o apoio financeiro e, entre elas, avais de tipo persoal e non patrimonial ás persoas e entidades que exercen como avalistas da solicitude. Promóvese, por tanto, que como mínimo a entidade que recibe este apoio e os seus membros, se responsabilicen dos cartos recibidos.

A garantía sempre é mancomunada, isto é, dividida de forma proporcional ao importe do préstamo entre todos as avalistas, a diferenza das entidades convencionais que esixen avais solidarios (cada avalista responde da totalidade do importe do préstamo).

A garantía consiste en que a entidade que solicita información busque, entre os propios socios, socias e o seu contorno, persoas e entidades que confíen no proxecto e que asuman un compromiso persoal e individual para responder como avalistas por unha parte do préstamo concedido. No caso de que a entidade solicitante do préstamo non puidese reembolsar o mesmo, as persoas e entidades avalistas responderían no seu nome e só pola parte avalada, en proporción ao saldo vivo do empréstito pendente de amortizar. Por exemplo: un avalista que se comprometa por 1.000 € terá que responder por 500 €, no caso de que EspazoCoop tivera pendente de pagamento o 50% do préstamo solicitado a COOP57.

FAQ Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

Trátase dun documento privado que non vai a notaría e onde non se pide información económica da persoa e entidade que avala (contas, nóminas, situación económica patrimonial etc.).

Este sistema permite que moitas entidades con proxectos viables economicamente, pero que non están capitalizadas con patrimonio, poidan acceder ao financiamento.

Ademais, os avais persoais mancomunados achegan dous elementos esenciais:

- Establecen unhas garantías adicionais sobre o reembolso do empréstito, dado que o risco se reparte e se minimiza entre Coop57 e as avalistas do empréstito, canto maior sexa o número destas últimas e menor sexa o importe por avalista.
- Demostran e dan información sobre a capacidade de respaldo comunitario da entidade solicitante do financiamento, que nivel de confianza xera o proxecto e se ten unha base social sólida, ampla e comprometida.

Para alén do aval económico, o sistema de avais persoais mancomunados supón un aval social que, para Coop57, é tanto ou máis importante que o financeiro.

Teño que desembolsar o importe avalado?

NON. Esta é unha das preguntas máis recorrentes e posiblemente sexa debido á confusión xerada polo termo «aval», que no caso das entidades financeiras tradicionais pode implicar a conxelación dun capital ou patrimonio.

O aval persoal mancomunado non implica unha inmovilización de cartos, nin depósitos nin fianzas. É dicir, é só un compromiso persoal e individual de quen confía nun proxecto colectivo.

Que arrisco como avalista?

Só a cantidade que figura no formulario de aval. Non se responde con ningún tipo de bens patrimoniais nin por cantidades superiores ás avaladas. A medida que se devolve o préstamo, cada aval verá reducida a cantidade comprometida inicialmente de modo proporcional ao importe amortizado na altura.

Que ocorre se temos dificultades para retornar o préstamo?

Cando se detectan problemas de retorno dun préstamo, COOP57 crea unha comisión de seguimento que se encarga de ditaminar as razóns e motivos da situación e de propoñer a forma de afrontalos, de maneira que satisfaga a ambas partes.

Unha vez esgotadas todas as posibilidades e no caso de que a entidade non mostrase ningún interese por devolver o diñeiro, Coop57, en defensa dos dereitos e deberes das entidades socias de servizos e as socias colaboradoras, exercería as accións legais oportunas.

Se a entidade non puidese devolver o empréstito sen que haxa ningún tipo de "mala fe", e esgotadas todas as opcións, convocaríase ás avalistas para que cumprisen o seu compromiso.

Para as avalistas buscaríase ofrecerlles condicións de retorno que lles fosen favorables, adaptando o pagamento ás

FAQ Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

súas posibilidades e sen aplicar ningún tipo de xuro e comisión.

COOP57 ten como obxectivo esencial o apoio financeiro a proxectos cun alto contido social e ambiental. O seu fracaso tamén é o noso.

Poremos un exemplo para aclarar este punto: no suposto de que EspazoCoop tivera un empréstito de 40.000 € con Coop57 e a Unión tivera un importe pendente de amortizar de 8.000€, as avalistas deberán responder **de forma proporcional** até completar a cantidade pendente do empréstito (neste caso 8.000 € é o 20% de 40.000 €), de tal maneira que quen avalara 1.000 €, responderá por 200,00 € e quen avalara 500 €, responderá por 100,00 €.

Durante canto tempo se mantén o compromiso de cada avalista con EspazoCoop?

Ata que EspazoCoop amortice de forma total o importe do empréstito solicitado, a contar desde a data da sinatura do contrato de préstamo -a previsión máxima é de xuño 2027-.

Por que se fixa unha cantidade mínima e unha máxima para cada aval?

COOP57 e EspazoCoop establecen estes importes polos seguintes motivos:

- 1) Para demostrar o grao de respaldo das socias da entidade solicitante ao proxecto a financiar.
- 2) Para demostrar o grao de implicación co tecido social e a comunidade na que se insire por parte da solicitante
- 3) Para partillar e minimizar o risco da operación de financiamento entre a solicitante e Coop57, grazas a unha distribución do importe total entre o maior número de avalistas
- 4) Para facilitar a xestión da campaña de subscripción de avais.

Cal é a recompensa por avalar a EspazoCoop?

A diferenza das campañas de *crowdfunding*, aquí non se segue a lóxica de corresponder cada achega con obxectos a modo de recompensa. Avalar a EspazoCoop significa comprometerse cos obxectivos, dunha entidade asociativa que aposta pola promoción e consolidación do cooperativismo e a economía social e solidaria na nosa comunidade e dispoñer dos servizos que ofrece á sociedade e á cidadanía.

A CAMPAÑA

Para que se realiza esta campaña?

A elección de COOP57 como ferramenta de financiamento de EspazoCoop é tamén a elección dun modelo que nos permite manter a independencia da banca convencional e diversificar o apoio financeiro necesario para o funcionamento da nosa entidade.

A campaña ten dous obxectivos: o primeiro, procurar o número de avais suficientes para atender o 20% do importe solicitado a COOP57 (200.000,00 €), condición indispensable para renovar o empréstito, e o segundo, dar a coñecer a

FAQ Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais mancomunados

COOP57, da que EspazoCoop é socia de servizos, un importante instrumento financeiro da economía social e solidaria e ao servizo desta, baixo os principios das finanzas éticas.

Canto vai durar?

A campaña pública para completar a cantidade de avais necesarios para renovar o préstamo alargarase ata o **24 de xuño de 2026**.

É necesario avalar o total do préstamo?

Para esta solicitude, non vai ser requisito de obrigado cumprimento para a aprobación do préstamo, pero Coop57 e EspazoCoop cremos necesario que se avale o maior importe posíbel do préstamo solicitado (200.000,00 €), para garantir a consecución de dito importe, diversificar e minimizar o risco do préstamo e visibilizar o respaldo social co que conta EspazoCoop para esta operación.

Como podo avalar a EspazoCoop?

Cumprimentando e asinando, de forma preferente, con sinatura electrónica – DNI; certificado dixital – o formulario tipo de aval mancomunado sexa de persoa física e/ou persoa xurídica-entidade-.

Xuntar ao devandito formulario o DNI / Pasaporte – persoa física- e/ou CIF -persoa xurídica-, en formato escáner.

Envío da dita documentación ao correo-e lucia@espazo.coop ata o 24 de xuño de 2026.

No caso dos avais asinados de forma manual, ademais de realizar o protocolo anterior, farase envío por correo postal ou entrega en man do orixinal no seguinte enderezo de EspazoCoop:

Rúa República del Salvador 3-2º D 15701 Santiago de Compostela

Aínda teño dúbidas, como podo resolvelas?

Escribenos a info@espazo.coop ou chámanos ao 981 57 55 78 con calquera pregunta para a que non atoparas resposta e atenderémoste. Moitas grazas polo teu apoio!